

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de decembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de decembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 23 de decembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. DOG núm. 246 do 27-12-2019.
- Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. DOG núm. 246 do 27-12-2019.
- Orde do 12 de decembro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG núm. 247 do 30-12-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13I01RT	USG/2019/262
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
100N 6Z4C 4921 430G 0YJN	

- Orde do 17 de decembro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento TR487A). DOG núm. 247 do 30-12-2019.
- Anuncio do 13 de decembro de 2019, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao cuarto trimestre do ano 2019 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 244 do 24-12-2019.
- Anuncio do 18 de decembro de 2019, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2020. BOP núm. 244 do 24-12-2019.
- Anuncio do 19 de decembro de 2019, do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, relativo á aprobación definitiva do orzamento de 2020 e do cadro de persoal. BOP núm. 245 do 26-12-2019.
- Anuncio do 23 de decembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da oferta de emprego público para o exercicio 2019. BOP núm. 246 do 27-12-2019.
- Anuncio do 23 de decembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 4º trimestre de 2019. BOP núm. 246 do 27-12-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

SÁBADO 4 DE XANEIRO DE 2020

VISITA DO CARTEIRO REAL

Centro Cultural de Almeiras: De 18.30 a 20.00 h.

Centro Cívico de Castro- Laxe: De 18.00 a 20.00 h.

Centro Cultural de Sueiro: De 17.30 a 18.30 h.

Centro Social de Orro: De 17.30 a 20.30 h.

DOMINGO 5 DE XANEIRO DE 2020

VISITA DOS REIS MAGOS

Centro Social “O Noso Lar” de Culleredo: De 17.10 a 17.35 h. Animación infantil de 16.30 a 18.00 h.

Centro Social de Orro: De 17.45 a 17.55 h.

Centro Cultural de Ledoño: De 18.10 a 18.30 h.

Centro Cultural de Sueiro: De 18.45 a 19.05 h.

Centro Social de Sésamo: De 19.10 a 19.55 h.

Centro Cultural de Celas: De 20.00 a 21.00 h. Animación infantil de 18.30 a 21.30 h.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de Política social, mocidade e promoción do deporte:

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidade (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/12/2019	2083	Conceder a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade	J.C.M.	10 anos
16/12/2019	2084	Conceder a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade	A.M.A.D.S.	Ata o 18/09/2023

2.3.- AUTO DE DATA 04/12/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, CON/AD SEC. 2 DO RECURSO DE APELACIÓN 4067/2018, PROCEDEMENTO ORDINARIO 203/2016 DA C.P. URBANIZACIÓN VALLESUR, O FALLO REVOCA O DITADO NO RECURSO DE APELACIÓN CONDENANDO AO CONCELLO DE CULLEREDO A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PLAN PARCIAL A ZAPATEIRA 1. SEN IMPOSICIÓN DE COSTAS PROCESAIS.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do auto do 4 de decembro de 2019, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 2 da Coruña, no recurso de apelación 4067/2018, que acorda: "que estimando la petición formulada por el Procurador D. GONZALO LOUSA GAYOSO, en nombre y representación de la COMUNIDAD DE PROPIETARIOS VALLESUR, procede rectificar el fallo de la St. 499/2019 de 11 de noviembre, dictada en el recurso de apelación 4067/2018, en el sentido que donde dice "... *contra la denegación por el Concello de Culleredo de la modificación parcial del Plan Parcial A Zapateira 1, REVOCANDO LA MISMA, en el sentido de condenar al Ayuntamiento a que apruebe la modificación propuesta...*" debe leerse y entenderse lo siguiente... "*contra la denegación por el Concello de Culleredo de la modificación del proyecto de urbanización del Plan Parcial A Zapateira 1, REVOCANDO LA MISMA, en el sentido de condenar al Ayuntamiento a que apruebe la modificación propuesta...*", sin costas."

2.4.- SENTENZA 618/2019 DE DATA 10/12/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, CON/AD SEC. 2, DO RECURSO DE APELACIÓN 4220/2018, DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 322/2016 DE ENERFREE SL, O FALLO ESTIMA O RECURSO SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA E REVOCA PARCIALMENTE A SENTENZA E DECLARA A DESESTIMACIÓN DA PRETENSIÓN DE INDEMNIZACIÓN DOS DANOS RECLAMADOS NA DEMANDA, E REVOCA O INCISO FINAL DO SEGUNDO PÁRRAFO DO FUNDAMENTO XURÍDICO CUARTO DA SENTENZA. SEN IMPOSICIÓN DE COSTAS PROCESAIS.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 618/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sección 2, no recurso de apelación 4220/2018, cuxo fallo di: "que debemos **ESTIMAR Y ESTIMAMOS** el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal del CONCELLO DE CULLEREDO contra la sentencia del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 3 de A Coruña de 21 de diciembre de 2017, dictada en el procedimiento ordinario 322/2016, sobre adjudicación de contrato de obra, y REVOCAMOS PARCIALMENTE la sentencia recurrida, con los siguientes pronunciamientos:

1º. Declarar la desestimación de la pretensión de indemnización de los daños y perjuicios reclamados en el suplico de la demanda.

2º. Revocar el inciso final del segundo párrafo del fundamento jurídico cuarto de la sentencia en cuanto expresa que "*ello no impide que pueda ejercitar, por su cauce y forma, la acción indemnizatoria ante la entidad local*"; dejando sin efecto el reconocimiento por la sentencia apelada de la posibilidad de ejercicio de una acción indemnizatoria posterior.

Código do documento	Código do expediente
USG13I01RT	USG/2019/262
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
100N 6Z4C 4921 430G 0YJN	

3º. No se imponen las costas procesales a ninguna de las partes.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H